

A Crítica ao totalitarismo e a condición humana

en Hanna Arendt

1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- Socio-política

A historia contemporánea de Alemaña iníciase co reinado do emperador Guillermo II (1888-1918) que illa a nación en termos de política exterior e conduce a nación á catástrofe da Primeira Guerra Mundial, que se cobra case 15 millóns de vidas. En xuño de 1919 Alemaña vese obrigada a asinar o **Tratado de Paz de Versalles** que marca o final da Gran Guerra. Este tratado foi percibido como unha clamorosa inxustiza pola maior parte dos alemáns debido a cesións territoriais e as cargas materiais que se lles forza a aceptar, á perda das colonias e as restricións militares que lle foron impostas en forma de “reparacións”; TPdV declaraba a culpabilidade do Imperio Alemán e os seus aliados no desencadeamento da guerra e nos desmanes ocorridos. Alemaña tamén tomou como inxusta e como unha inxerencia grave na soberanía da nación, a prohibición de que Austria e Alemaña se unificasen.

O 9 de novembro de 1918, o socialdemócrata Philipp Scheidemann proclama a República e o emperador Guillermo II abdica. Inmediatamente celébranse eleccións para a Asemblea Nacional. Como democracia parlamentaria a **República de Weimar** só existiu durante once anos. A finais de marzo de 1930 o último goberno maioritario, encabezado polo socialdemócrata Hermann Müller, desmoronouse. Nas eleccións ao Reichstag (parlamento) do 14 de setembro de 1930 os **nacionaisocialistas** (NSDAP) liderados por **Adolf Hitler** convertéronse no segundo partido máis votado. A partir de entón o Reichstag tivo menos peso en canto órgano legislativo. **A desparlamentarización significou unha neutralización xeneralizada do electorado** e foi precisamente iso o que proporcionou renovados impulsos ás forzas antiparlamentarias de dereitas e esquerdas. Os máis beneficiados foron os nacionaisocialistas. Hitler presentou o seu partido como a única alternativa popular a todas as manifestacións do “marxismo” que vía como unha ameaza.

O Partido Nacionalsocialista Obreiro Alemán (NSDAP) de Adolf Hitler convértese no partido político máis votado nas eleccións do 6 de novembro de 1932 co 33,1% dos sufraxios. O 30 de xaneiro de 1933, Adolf Hitler convértese en canciller do Reich. A ditadura nazi comeza.

Hitler non ocultara o seu antisemitismo nas campañas electorais de principios da década dos trinta, pero tampouco o colocou en primeiro termo. Os prexuízos antixudeus estaban moi arraigados nas capas adineradas da cidadanía alemá, así como entre os pequenos industriais e tamén nos campesiños, pero tampouco estaba ben visto o “antisemitismo aberto”. Os violentos disturbios da chamada “**Noite dos cristais rotos**”, o 9 de novembro de 1938, foron impopulares; en cambio non o foi de ningún xeito a “arización” de propiedades xudías, unha enorme “redistribución” patrimonial. A privación de dereitos que sufriron os xudeus alemáns en virtude das leis racistas de Núremberg, de 1935, non suscitou oposición porque se respectou a legalidade.

As necesidades imperialistas de Hitler desencadea a Segunda Guerra Mundial o 1 de setembro de 1939 coa invasión de Polonia. A guerra cústalles a vida a 60 millóns de persoas e devasta amplas zonas de Europa e Asia oriental. Seis millóns de xudeus e outras minorías foron vítimas da política de exterminio nacionalsocialista. O **Holocausto** (exterminio sistemático dos xudeus

Europeos durante a Segunda Guerra Mundial), transcendeu máis do que quixese o réxime, pero o saber implica tamén o querer saber, e na Alemaña do *Terceiro Reich*, polo que se refire á sorte corrida polos xudeus, faltou esa vontade de quitar a venda dos ollos.

O desmoronamento do imperio pangermánico de Hitler en maio de 1945, significa unha ferida moito máis profunda que a caída do Imperio en novembro de 1918. Despois da **capitulación incondicional** ao final da Segunda Guerra Mundial, a potestade de goberno, é dicir, a facultade de decisión sobre o futuro de Alemaña, pasou ás catro potencias de ocupación, a saber: os Estados Unidos, a Unión Soviética, Gran Bretaña e Francia. A diferenza do ocorrido en 1918, no ano 1945, a cúpula política e militar alemá que conservou a vida, foi derrocada e apresada e foron xulgados ante o Tribunal Militar Internacional de Núremberg (**Procesos de Núremberg**).

1.2.- Vital

Hanna Arendt (1906-1976) nace en Hannover no seno dunha familia xudía condición que marcará profundamente a súa vida e o seu pensamento. Estuda na Universidade de Marburgo onde coñece a Heidegger e inicia unha relación intelectual e sentimental con el. En 1933 ca chegada do nazismo ao poder, a súa vida dá un xiro radical. Politízase e participa en organizacións sionistas onde recopila declaracións antisemitas para denuncialas. A súa actividade fará que seña detida e interrogada pola Gestapo. Entón busca axuda no seu mestre e amante pero este está moi integrado na política nacionalsocialista (de feito Heidegger é nomeado reitor da prestixiosa Universidade de Friburgo en 1933 onde fai un discurso inaugural claramente a favor do réxime) e desentenderase da súa perigosa situación. Arendt sae de Alemaña e refuxiase en Francia pero en 1937, na Francia ocupada, retíraselle a nacionalidade xudía e convertese nunha apátrida. A partir de 1940 Francia considera a todo cidadán procedente de Alemaña "hostil" e é trasladada ao Campo de traballo de Gurs do que logra escapar. En 1941 consegue escapar a EEUU e en 1952 obtén a nacionalidade estadounidense. A partir de este momento traballará en varios periódicos e despois nas universidades de California, Chicago, Columbia e Princeton. Nunca volve a Alemaña e morre en 1975 en New York.

As súas obras máis importantes son: *As orixes do totalitarismo* (1951), *A condición humana* (1958), *Eichmann en Jerusalem* (1963).

1.3.- Influencias

As influencias filosóficas de Arendt pasan por: Sócrates, Platón e Kant; e en filosofía política por Maquiavelo e Montesquieu. Pero o fundamental do seu pensamento son os seus dous profesores que marcan a súa filosofía: por un lado **Karl Jaspers**, o seu director de tese e quen a introduce no existencialismo moderno; e por outro **Martín Heidegger** (seguramente o filósofo máis importante do século XX), o seu gran referente, profesor nas prestixiosas sesións de filosofía na Universidade de Friburgo, amigo, amante e tamén a súa gran decepción.

2.- ÉTICA

2.1.- A banalidade do mal

As experiencias vividas por Arendt fana chegar á conclusión de que os totalitarismos de distinto signo político que aparecen na primeira metade do século e, en especial, o fenómeno concreto do **Holocausto** vivido en Alemaña, son acontecementos totalmente inéditos e por

tanto as categorías morais e xurídicas dispoñibles ata o momento, non son capaces de abordalos correctamente. A ética precisa novas categorías. A partir do xuízo de Eichmann en 1960, Arendt vai incorporar dúas categorías para referirse ao concepto de mal:

. O **Mal radical ou absoluto**: é un mal descoñecido ata o momento que ten como finalidade “facer superfluos aos seres humanos” tanto a nivel xurídico (perden a súa nacionalidade e desaparecen como persoas: perden todos os seus dereitos), como a nivel moral (seres incapaces de distinguir entre o ben e o mal que seguen normas sen cuestionarse nada) e tamén a nivel individual (convértense en meros números substituíbles). Para Arendt este mal fórxase na perversión, crueldade e monstruosidade á que levan algunhas ideoloxías. Este mal é unha forma de mal incomprendido: non somos capaces de procesalo porque non temos precedentes históricos nin legislativos nin xurídicos. Non podemos castigalo nin tampouco perdoalo porque non se pode perdoar o que non é punible: non sabemos como reconstituír o mal causado.

. O **Mal Banal**: é un novo tipo de mal que describe en 1961 cubrindo como reporteira o xuízo de Adolf Eichmann en Xerusalén. Esta experiencia varía substancialmente o seu concepto de “mal radical” defendido ata entón e enuncia a teoría da “**banalidade do mal**”. Cando Arendt falaba do mal radical que atribuía aos altos cargos dos comandos nazis, pensaba en eles como auténticos monstros, persoas sádicas e crueis que estaban fora da normalidade; pero despois do xuízo dáse de conta que as persoas causantes de tales atrocidades eran persoas absolutamente “normais”, incluso mediocres e anódinas con as capacidades psicolóxicas en perfecto estado e con a conciencia ben clara do que facían. Estes individuos non actuaban movidos pola maldade radical como ela tiña crido, senón simplemente cumprindo ordes: actuaban como “**funcionarios eficientes e excelentes**” da lei fixada polo *Reich*. Eran bos maridos, bos fillos, bos pais, bos amigos. Actuaban movidos por unha profunda superficialidade, tiñan perdida completamente a súa capacidade de xulgar e de distinguir entre o mal e o ben porque antepuñan a lei á moralidade. Arendt rematará dicindo que eso é o resultado das ditaduras e das ideoloxías extremas sobre a poboación: dificultan e prohiben ata tal punto a disparidade de criterios, o espírito crítico e a información, que o individuo convértese nun ser incapaz de xerar criterios morais propios e segue cegamente os impostos.

2.2.- O Xuízo

Arendt reflexiona sobre como puido ter lugar o holocausto. Segundo Kant, o xuízo (o que Kant denominaba o “xuízo reflexivo”) é a facultade que nos permite discernir entre o que está ben e o que está mal, entre o xusto e o inxusto. O xuízo é un diálogo interior con nós mesmo, apela á nosa conciencia e é responsable das nosas accións. Esta facultade de discernir é a **facultade política** por excelencia porque permítenos ter criterio máis aló da legalidade. Cando esa facultade reflexiva desaparece o individuo pasa a actuar seguindo cegamente as normas preestablecidas. Isto é o que sucede nos totalitarismos. É unha involución no nivel ético do ser humano.

O **totalitarismo** ten quebrado o vínculo entre moralidade e legalidade. As leis deben estar sempre fundamentados en principios éticos pero no *Terceiro Reich* as leis transgrediron todos os principios éticos. Ante estas leis inxustas e inmorais o correcto tería sido desobedecer, pero a desobediencia ás leis supón un nivel de xuízo reflexivo que o totalitarismo tiña anulado. A ser

un ser moral aprendese; os estados totalitarios dan consignas, normas, dogmas, non permiten o debate, a contraposición e a disidencia; os cidadáns de réximes totalitarios son individuos acríticos que non son capaces de construír o seu propio pensamento ético e político. Así, durante o holocausto, só un grupo de persoas moi reducidas, foi capaz de reflexionar e desobedecer porque entenderon que eran responsables dos seus actos máis aló das leis que os obrigarán. O resto obedeceu irreflexivamente e levou a cabo auténticas atrocidades morais só en aras da legalidade.

3.- POLÍTICA

3.1.- A idea do mundo

A idea de **mundo** na filosofía de Arendt é un concepto equívoco que ten diversas acepcións:

. **Mundo como espazo público.** Tadas as persoas temos un **espazo privado** que é o reino das necesidades. Caracterízase pola escuridade porque é o lugar no que satisfacemos as nosas necesidades biolóxicas e nos refuxiamos da mirada dos demais. Neste espazo satisfacemos a nosa “animalidade”. Permitimos a entrada só a persoas moi achegadas. Pero tamén temos un **espazo público** que é o reino da liberdade. Caracterízase pola luminosidade porque é un lugar á vista de todos onde percibimos aos demais e somos percibidos. O espazo público é un espazo plural onde todos poden expresarse

. **Mundo como creación artificial:** pero máis aló de esa distinción, Arendt pensa que o mundo é algo creado. O mundo creado está construído polos SH e opónse á natureza que é o que ven dado. O mundo como creación ten dúas dimensións: o **espazo material** creado polo ser humano a partir da súa actividade (é o mundo das cousas) e o **mundo inmaterial** constituído pola acción política a través do diálogo das persoas. Este é para Arendt o nivel máis elevado. Este mundo é un espazo exclusivamente humano: desenrolase entre nós e precisa ser mantido por nós continuamente. Este “espazo artificial” caracterízase por a pluralidade e a publicidade. O mundo creado é a única posibilidade de desenrolo da condición humana: “sin humanos non hai mundo e sen mundo non hai humanos”.

3.2.- Teoría política

O fin ou finalidade de toda teoría política, é para Arendt salvagardar o mundo como *constructo* (preservar o mundo construído). Pero certamente reconece que poucas veces na historia da humanidade o “mundo” entendido como esa construción humana, brillou/existiu (na ágora grega, nos primeiros momentos da Revolución americana, nos comités de cidadáns da Revolución húngara, nos primeiros momentos da Comuna Parisina). O único camiño é a **democracia participativa**, aquela na que toda a cidadanía faise cargo da situación, constrúe e vive. No espazo público deben de aparecer todas as propostas da humanidade; polo tanto a **verdade** non existe en política porque o espazo político constrúese a partir da multiplicidade de puntos de vista.

3.3.- Totalitarismo e sociedade de masas

Cando o mundo deixa de “cuidarse”, deixa de brillar, aparecen as **masas** e o mundo ocúltase. As masas son individuos que viven uns preto dos outros pero illados, atomizados, sen conexión, individuos que teñen perdida a visión do mundo. Nos últimos capítulos de “A

condición humana” (1958) argumenta como no mundo tecnolóxico e consumista do século XX, as persoas teñen esquecido que o único que as fai humanas e soste a construción do mundo e que iso faise a través da política (entendida como achegamento de puntos de vista). Os seres humanos centrados en satisfacer as súas necesidades de consumo non lembran os vínculos co resto de seres humanos; desenténdese da súa obriga de xestionar a política (ninguén debe facer política por outros). Cando o mundo desaparece e convertémonos en masas, aparece o **deserto**: os seres humanos se deshumanizan e nestas circunstancias pode pasar calquera cousa como a **aparición do mal**.

A posición de Arendt é aínda así, optimista. Considera que saír do deserto é posible. O importante é superar os totalitarismos. Como dixo Agostiño: “*para que un comenzo se fixera foi creado o ser humano*”.

4.- O PENSAMENTO DE ARENDT NO SÉCULO XXI

A obra de Arendt ocupa un lugar privilexiado entre os grandes do pensamento occidental. As súas conexións entre ética e política son unha maneira significativa de abordar situacións actuais. Segundo Arendt poder e violencia son absolutamente incompatibles, xa que para que un deles se realice plenamente o outro debe desaparecer. Neste sentido, o oposto á violencia non é a non-violencia, senón o poder que volve á primeira innecesaria alí onde a acción ocupa o seu lugar.

A maioría de pensadores de teoría política sosteñen que a violencia, con todo, non é allea aos asuntos humanos, nin constitúe un mal a erradicar debido a que expresa, en ocasións, un sentido lexítimo de xustiza violentado. Pero é imposible determinar os seus límites cando se insire no curso da acción. Para Arendt en cambio, o poder xorde da acción mutua e recíproca entre seres humanos ligados pola confianza, o que permite a posta en escena da felicidade pública.